

# ROTEIRO POLA SERRA DO FARO

**E**ntre as provincias de Lugo e Pontevedra, ou se se prefire, entre as comarcas do río Arnego ao Oeste e as chairas de Chantada ao Leste, érguese o Faro de Chantada, con 1.187 m. de altura. É o punto culminante da serra, da provincia de Pontevedra e da Dorsal Galega (sistema de montañas da Galiza central que van dende Estaca de Bares ate a fronteira portuguesa). Se continuamos cara ao norte temos a Serra do Farelo e cara ao Sur, o val encaixado de Oseira.

Dous posibles percorridos que escollemos dende Chantada. Para o primeiro collemos a antiga 533, dirección Lalín. Aos tres quilómetros, pasado o cruce co corredor rápido, collemos á man esquerda pola estrada secundaria a Oseira-Cea. Logo de dous quilómetros atopamos un camiño cara arriba que nos leva a Requeixo. Cruzando as aldeas de Quintela e Fondoreses e a 200m., xiramos á esquerda (se colleramos á dereita chegaríamos ao Faro pero adiamos un pouco a chegada). Chegamos aos lugares de Caibe e Viloirá, onde parten camiños que nos levan á pista forestal que, pasando por Chao de Seixas nos conducen ate á ermida do Faro.

Se o anterior percorrido de cinco quilómetros nos leva dúas horas a pé e unha en bici, a segunda opción que describimos de seguido é un percorrido un pouco máis longo, pero quizá máis aprobeitable. Deixamos Chantada a través dunha estrada secundaria que nos leva a Brigos. Logo de atravesar o barrio da Castaña, xiramos no segundo cruce á dereita que vai dar a Abral. Dende alí, un camiño de terra fainos chegar ao Castro de San Lucas, e seguimos unha pista recta que nos conduce a Penasillás, cortando a estrada que leva a Chantada. Seguindo polo camiño forestal chegamos a Chao de Seixas e logo á estrada secundaria que sobe de Requeixo e xa nos leva ao Faro.

Dende o alto obsérvanse as estensas comarcas aplanadas da Galiza central e os cumes da Dorsal Galega. Coas romeiras Apopulares@ alí tamén atopamos



aparcamentos Adignos de mención@, e mesmo non hai tanto tempo un "chiririguito" adosado á ermida, hoxe desaparecido. Tamén atopamos antenas de todo tipo, concentracións parcelarias Atradicionais@ e dentro de pouco tempo parques eólicos e un observatorio astronómico.

O feito de ser proposta esta serra para a rede Natura 2.000 non lle supuxo, hoxe por hoxe, absolutamente ningunha medida de protección.

## FLORA E FAUNA

Nalgunhas zonas privilexiadas das comarcas de Oseira e chantada sobreviven bosques de carballos, mesturados con cerquiños e co híbrido de ambos. O matorral que cubre maioritariamente a área, presenta xestas, uces, fentos, toxos e carqueixas. Localmente abundan as dixitalias. Realizáronse enormes repoboacións de piñeiros, que predominan nas zonas altas mesturados con bidueiros, piornos, arandeiras... Na comarca do Deza e do río Arnego aparecen formacións de tipo mediterráneo con sobreiras, érvedos, loureiros, etc.

En canto á fauna máis representativa do Faro está formada polo miñado común, lagarteiro, lobo, raposo, xabarín e corzo. No Deza hai salmón, falcón peregrín e londra.

Os últimos osos exclusivamente galegos viviron na Serra do Faro ate principios de século. O nome de Oseira fálanos da súa abundancia en tempos medievais.

## PATRIMONIO

En Chantada, ademais do seu casco histórico en xeral e rúas aportadas, temos as casas de Basán Grande e a de Lemos. Abundan os castros como o de San Amaro e as igrexas románicas: Arcos, Argazón, Bermún Fornas, Brigos, Asma, Muradelle, Nogueira. A igrexa de Pesqueiras é monumento histórico-artístico.

En Rodeiro están as igrexas de San Vicente, Asperelo, Carboentes, Trasulfe. Destaca o Santuario da Nosa Señora do Faro. E en Oseira, do concello do Carballiño, temos por suposto, o mosteiro cisterciense de Santa María fundado no ano 1137.

